

Programación cultural OLEIROS

febreiro-abril
2025

Concello de  Oleiros

XII CICLO DE MÚSICA : Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 1 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

COLECTIVO ZAFRA (*jazz*)

Integrantes: Charly Drop (contrabaixo), Iago Mourinho (teclados), Miguel Cabana (batería), Diana Tarín (Voz), William Díaz Pozo (Trombón) e Pablo Añón (saxofón)

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros



A proposta do grupo Zafra baséase na presentación dun repertorio orixinal composto e arranxado na súa maior parte polo baixista e contrabaixista Charly Drop, membro fundador do grupo. O conxunto de pezas que Zafra presenta no seu directo inclúe tamén versións de obras moi representativas do repertorio de jazz latino, escollidas de xeito orixinal, co obxectivo de crear un repertorio novo e entretido.

Colectivo Zafra nace hai tan só un ano e medio da inquietude de dous dos membros que se coñecen cursando os estudos superiores de música na cidade da Coruña, que deciden reunir a un grupo de amigos para transmitir as súas vivencias á xente a través da súa propia música. Colectivo Zafra fala do sacrificio e suor desde a perspectiva musical dun grupo de profesionais que compoñen música para gozar, sentir e conectar. Para levar a cabo o proxecto deciden marcar unha rutina de ensaios e encontros ademais de moverse polas distintas salas de concertos da provincia da Coruña para poder así conseguir concertos en diferentes escenarios.

XII CICLO DE MÚSICA : Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 8 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

ABRIL, FADO ATLÁNTICO *(fado e outras músicas atlánticas)*

Integrantes: Sara de Sousa (voz),
Iria Quintía (guitarra clásica) e Daniel
Adzemian (guitarra portuguesa)

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros



Abril, Fado Atlántico é un proxecto musical de fado nado en Ferrolterra no ano 2007 con carácter aberto, onde teñen cabida músicas como o tango, o choriño brasileiro ou músicas puramente clásicas, sempre coa instrumentación típica de fado portugués.

Daniel Adzemian, guitarrista arxentino, é o líder do proxecto no que resaltan tanto os seus arranxos como a súas composicións.

Varios foron os artistas que colaboraron co grupo, resaltando o labor de José Calabuig (guitarra clásica) ou da cantante Noelia Santos, voz principal do primeiro traballo discográfico de ABRIL fado atlántico, chamado PAZO DA MERCED.

O grupo rematou a produción do seu terceiro traballo discográfico, feito integramente en galego, destacando a participación da fadista compostelá Sara de Sousa, que actuou en diversos escenarios de Porto e outras localidades do norte de Portugal. Iria Quintía guitarrista de formación superior clásica (viola de fado) completa a formación de ABRIL Fado Atlántico.

XII CICLO DE MÚSICA : Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 15 de febreiro

ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

MOMBOI (*pop*)

Integrantes: Brais Sánchez (voz, guitarra, letrista), Daniel García “Carba” (baixo e voces), André Garabato (teclado e sintetizadores) e Beny Mayo (batería)

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros



Momboi é unha banda de pop-rock galego que fusiona este estilo con outros das músicas de raíz latinoamericanas.

Momboi naceu en 2018 coa gravación do seu debut discográfico Ofrenda (Bungalow Studios), un primeiro EP de cinco cancións. En 2020, a banda foi finalista do XII Certame Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais organizado pola Deputación da Coruña.

Vacacións en Ornanda é o último traballo discográfico. Nel, a banda colle a tenrura por bandeira e transita pola beleza dos lugares comúns ao compás de medios tempos e pasaxes melódicas. “As letras e a música deste disco buscan conectar co medio natural e co noso lado máis humano”. A esencia do disco plásmase nos directos de Momboi que, xunto coa súa estética lograda, enchen o escenario de luz e beleza, convertendo calquera dos seus directos nun lugar para gozar da boa música.

XII CICLO DE MÚSICA : Voces cálidas para noites de inverno

Sábado 22 de febreiro ás 20:30 horas

Auditorio da Fábrica (Perillo)

SOFÍA ESPIÑEIRA TRÍO

(música de raíz)

Integrantes: Ailén Kendelman (percusións e coros), Judit Almeida (contrabaixo e coros) e Sofía Espiñeira (guitarra e voz principal)

Público: todos os públicos

Prezo: 4 euros

.....



Sofía Espiñeira canta e compón desde a raíz. Artesá de cancións, creadora e artista multidisciplinar galega, as súas composicións combinan o latexo das músicas do mundo xunto coa canción de autora máis íntima e espida.

Tras o camiño feito nos escenarios co seu disco debut **“Alá onde agroman as herbas”**, colaboracións con diversas artistas e galardóns coma o Premio Martín Códax da Música 2022 na categoría de canción de autora, Sofía Espiñeira inicia a súa segunda viaxe musical: **“Xeografías”**. Un traballo que verá a luz neste 2025.

Sábado 15 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García
Márquez (Mera)

IBUPROFENO **TEATRO:** *Reconversión*

Commemoración do 10 de marzo,
Día da Clase Obreira Galega

Autoría: Santiago Cortegoso

Dirección: Santiago Cortegoso

Elenco: Artur Abad, Cristina Collazo, Santiago Cortegoso, César Goldi, Celia González, Davide González, Fran Lareu e Nani Matos

Xénero: teatro contemporáneo • **Duración:** 100 min

Público: adulto (maiores de 12 anos)

Prezo: 6 euros

Sinopse: Exercicio de memoria histórica arredor da reconversión no sector naval na Ría de Vigo. A obra céntrase na peripecia vital do pai do autor, un home que traballou no estaleiro Ascón durante 30 anos. Esta figura sintetiza as vivencias de toda unha xeración, que sufriu o paro polo peche da factoría en 1984 e viviu as mobilizacións históricas que tiveron lugar nos anos 70 e 80.

Reconversión é unha viaxe desde a posguerra ata o “Felipismo” dos 80, pasando polo auxe da industria siderúrxica e a evolución desde un estilo de vida rural a unha sociedade capitalista.



Sábado 22 de marzo
ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García
Márquez (Mera)

TARABELA CREATIVA: *Boa sorte, mala fama*

Autoría: Carmen Conde
Dirección: Carmen Conde

Elenco: Carmen Conde (narración oral), Mariña Pena e Nastasia Zürcher (música ao vivo)

Xénero: teatro • **Duración:** 120 min

Público: adulto (maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros



Sinopse: Sempre se soubo, claro está, que as andoriñas son aves de bo agoiro, que alí onde aniñan traen fortuna, que anuncian a primavera e que os mariñeiros as tatuaban na pel por cada travesía da que lograban retornar. **Pouco se fala**, en cambio, do molestas que se lle fan a moita xente co seu canto agudo e de que enchen todo de excrementos. Por iso estas aves dan boa sorte, pero teñen mala fama.

Ningún outro animal se parece tanto aos emigrantes galegos: estamos en cada continente, vivimos facendo colonias, temos na cabeza o camiño de volta a casa e marchamos por necesidade. E, igual que as andoriñas, gañamos mala fama, aló onde fomos buscar a nosa boa sorte. Este espectáculo nace da necesidade de contar, precisamente, aquilo do que **pouco se fala**.

Sábado 29 de marzo ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

TALÍA TEATRO: **Un Deus Salvaxe**

Autoría: Yasmina Reza

Dirección: Artur Trillo

Elenco: Marta Lado, Toño Casais,
María Ordóñez e Dani Trillo

Xénero: comedia

Duración: 85 min

Público: adulto (a partir de 13 anos)

Prezo: 4 euros



Sinopse: Dous nenos duns once anos enfróntanse con violencia nun parque. Beizos inchados e dous dentes rotos... Os pais da “víctima” convidan á súa casa aos pais do “matón” para resolver o conflito. O que comeza sendo unha charla con bromas e frases cordiais, adquire un ton máis violento a medida que os pais van revelando as súas ridículas contradicións e grotescos prexuízos sociais.

Aquí non hai nin bos nin malos. Nin tan sequera vencedores e vencidos. Só catro adultos que se encerellan nunha calorosa discusión que vai desvariando máis e máis a medida que esta se vai alongando innecesariamente. A situación descontrolábase de tal modo que ninguén está a salvo de recibir a súa ración de ofensa persoal, e todos os intentos por acougar os ánimos e instaurar a paz acaban fracasando. A obra saca todo o lixo que estes catro individuos acumularon ao longo da súa vida en relación á educación que recibiron, á posición social que ostentan, á súa profesión... e amósanos a súa cara oculta.

Sábado 5 de abril

ás 20:30 horas

**Auditorio Gabriel García
Márquez (Mera)**

MALASOMBRA PRODUCCIÓN: *Testosterona*

Autoría: Sabina Berman

Dirección: Xoque Carbajal


Elenco: Camila Bosa e
Luis Iglesia

Xénero: comedia

Duración: 75 min

Público: adulto (a partir de
12 anos)

Prezo: 4 euros



Sinopse: O director dun importante medio de comunicación debe deixar o seu posto en mans dun dos seus dous sub-directores. Unha é muller, home o outro. Que influirá nesa decisión?: a capacidade?, o sexo?, a experiencia?, a audacia?, o engano?, a trampa?...

Testosterona fala da desigualdade laboral; un home e unha muller optan a un posto de máxima responsabilidade nun medio de comunicación de ámbito nacional; cal dos dous será o elixido e por que? A autora mexicana Sabina Berman, proponnos unha reflexión profunda sobre a desigualdade laboral por cuestión de sexo, e faino de maneira que nos sorprenderemos cun sorriso debuxado nos nosos beizos vendo as peripecias destes personaxes.

Sábado 26 de abril

ás 20:30 horas

Auditorio Gabriel García

Márquez (Mera)

D´ELAS: É difícil fotografar o baleiro

**Commemoración do 29 de abril,
Día Internacional da Danza**

Autoría: Colectivo D´Elas

Dirección: Julia Laport Rivas

Elenco: Martín Sanjurjo, Eloi García, Noelia Mato, Andrea Castro, Iria Casal e Myriam González

Xénero: danza contemporánea • **Duración:** 60 min

Público: adulto (a partir de 12 anos) • **Prezo:** 6 euros

Sinopse: Este espectáculo é unha aposta por atopar se existe algo máis aló do corpo. A través das experiencias de seis corpos moi diversos atopámonos coa superficialidade da identidade, cunha busca dunha esencia que nunca se pode atrapar. As dinámicas xeradas entre estas seis intérpretes, mergullan o espectador nun tránsito entre corpos baleiros e corpos que aluden á intuición, á transcendencia, á ilusión, e que procuran máis aló da súa propia carne.

Nunha viaxe entre os cantos gregorianos e a música techno de LLXNTO e Bruno Baw, as seis bailarinas móstrannos corpos virtuosos pero humanos, con capacidades extraordinarias, pero coas limitacións de ser mortais.

É difícil fotografar o baleiro é un mundo plástico que por momentos lévanos a ver a música a través dunha masa de corpos, e por momentos atopámonos mergulladas na intimidade do individuo, no seu baleiro.



As entradas poñeranse á venda con antelación a través de www.giglon.com e no propio auditorio unha hora antes de cada espectáculo o mesmo día do evento, ata completar a capacidade da sala.

- Prégase puntualidade. Por respecto aos e ás artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.
- En atención á lexislación vixente será de obrigado cumprimento o respecto á capacidade máxima de cada sala.
- Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
- Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
- Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
- Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
- Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións de datas, horarios ou capacidade da sala.

Auditorio da Fábrica



Rúa do Inglés, nº 13, Perillo

Auditorio Gabriel García Márquez



Rúa do Chelito, s/n, Mera



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Concello de  Oleiros